

SAL. 005674 06.06.12 10:18

En trámite de execución de sentenza recaída no Procedemento Abreviado 857/2010 acumulado co Procedemento Abreviado 93/2001 promovidos pola Confederación Intersindical Galega –CIG- e a Federación de Ensino do Sindicato Nacional CCOO de Galicia contra a USC en relación coa convocatoria de investigación 11/2010

Con data do 28 de maio de 2012 é notificada á USC a firmeza da Sentenza do 11 de abril de 2012 do Xulgado do contencioso-administrativo, que dispón no seu fallo:

“1º Acóllense os recursos contencioso-administrativos interpostos pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e a federación de ensino do Sindicato Nacional CCOO de Galicia contra a convocatoria pública 11/2010 de concurso para a contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado, aprobada polo Reitorado da universidade de Santiago de Compostela con data do 3 de decembro de 2010.

2º Anúlase a devandita convocatoria impugnada, e en particular o apartado número 9, relativo ás causas de exclusión.

3º non se fai expresa imposición de custas”.

Con data do 28 de maio de 2012 remítese a certificación da sentenza e devólvese ó expediente administrativo para a súa execución, no prazo de dez días, mediante oficio do secretario xudicial do 23 de maio de 2012 con indicación de que deberse publicar a sentenza na páxina web da USC, no prazo de 15 días debendo acreditálo no xulgado.

Polo anterior esta Reitoría resolve, en execución de sentenza:

1. Anular a convocatoria pública 11/2010 de concurso para a contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado convocada por resolución reitoral do 3 de decembro de 2010 e en particular o apartado nº 9 relativo a causas de exclusión.
2. que polo Servizo de Convocatoria e Recursos Humanos de I+D se proceda a publicar na mesma páxina web na que foi publicada a convocatoria anulada por sentenza, xunto coe sta resolución a sentenza certificada remitida polo Xulgado e que se achega ademais escaneada por correo electrónico para facilitar a súa publicación.
3. Unha vez realizada a publicación na páxina web deberá comunicalo ó Servizo de Asesoría Xurídica da USC para poder dar conta ó Xulgado do cumprimento e execución da sentenza.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2012

O Reitor


Juan José Casares Long

Vicerreitoría de Investigación e Innovación

Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D